

PEZA DO MES

febreiro

2021



PORTAPENACHO DE CASCO
CAMPAMENTO AQUAE QUERQUENNAE



CASCO PROCEDENTE DO CAMPAMENTO LEXIONARIO DE WINDISCH (VINDONISSA MUSEUM, BRUGG).

Portapenacho de casco. Campamento de *Aquae Querquennae*

Contexto arqueolóxico. O campamento militar de *Aquae Querquennae* (Porto Quintela, Bande, Ourense) posúe unha planta rectangular coas esquinas redondeadas e abrangue unha superficie interna próxima ás 2,6 ha. Trátase dun recinto castrense construído en época alto-imperial romana con carácter permanente (*castra stativa*).

Entre os restos arquitectónicos descubertos e consolidados inclúense un tramo significativo de muralla con torres cadradas dispostas a intervalos regulares, un foso, o trazado parcial da vía que circunda internamente o campamento, tres das catro entradas, o hospital, varios barracóns de tropa, o cuartel xeral e as latrinas. Segundo a investigación actual, aquí estivo acantonado un destacamento dependente da *legio VII Gemina*, lexión acantonada en León. O achado dun fragmento de tella plana (*tegula*) con selo permitiu coñecer o nome da unidade nesta base militar. No dito selo pódese ler a marca CII[I], interpretada como *cohors III*. Con base nela, xunto á disposición e a arquitectura dos edificios unidas aos diferentes achados arqueolóxicos, deduciuse a presenza dunha cohorte mixta, composta por soldados de infantaría e tropas de cabalaría. Este forte ergueuse para a construción e a vixilancia da vía XVIII do Itinerario de Antonino que unía as localidades de Braga e Astorga, motivo polo cal nas súas inmediacións se estableceu unha mansión viaria (*mansio*).

As tropas de *Aquae Querquennae* abandonaron as súas instalacións de modo pacífico; pero, a pesar disto, recuperouse unha cantidade de material significativo: diversos tipos de cerámica, fibulas, moedas, vidros, lucernas, doas de colar, tableiros de xogo, instrumental médico-cirúrxico, materiais

de construción (ladrillos, tellas, cravos, grampas) e restos do equipamento militar dos soldados.

O establecemento dun campamento neste lugar trouxo consigo un desenvolvemento urbanístico que se reflicte nas súas inmediacións coa aparición coetánea dunha aglomeración civil (*vicus militaris*) e a mansión viaria antes citada, a cal constituía un dos enclaves oficiais do Itinerario de Antonino. Estes núcleos emerxentes contribuirán decisivamente á difusión da cultura romana na súa área de influencia e continuarán activos, tras a marcha das tropas, ata o século V d. C.

Descrición. Este portapenacho (*apex*), fabricado en bronce, pertenceu a un casco do modelo Weisenau. A peza conserva unha altura de 5,9 cm, unha anchura máxima de 4,5 cm, un grosor máximo de 0,5 cm, e pesa 14,28 gramos. Posúe forma de forquita e está incompleta. Orixinariamente debeu ter un pé en forma de «L» mediante o cal se engancharía a unha plaquiña rectangular situada na parte cenital do casco e, deste xeito, podería suxeitar un penacho disposto de forma transversal (*crista transversa*). A presenza dun penacho no casco dun oficial servía para resaltar o seu status formando parte dos distintivos (*insignia*) que o distinguían. Autores como Vexecio indican que os penachos se empregaban durante a batalla xa que facilitaban a identificación dos oficiais e, desta maneira, a transmisión das ordes volvíase máis eficaz. No entanto, a evidencia figurativa parece mostrar o contrario.

Cronoloxía. Esta fortificación permaneceu ocupada pola mencionada unidade militar dende a súa construción ca. 74/75 d. C., baixo o mandato do emperador Vespasiano, o primeiro da dinastía Flavia, ata o seu abandono definitivo a finais do goberno de Traxano ou, incluso, a principios do seu sucesor Adriano, ca. 120 d. C., ambos pertencentes á estirpe dos Antoninos. En tempos de Adriano, a cohorte III xa se atopa na Dacia, acuartelada no forte de Pomet (Romanía). Neste marco cronolóxico dátase o portapenacho.

Paralelos. Pezas similares atopáronse en Theilenhofen, Straubing, Rheingönheim e Kalkriese (Alemaña), Valkenburg (Países Baixos), Windisch e Baden (Suíza) o Walili, Thamusida e Salas (Marrocos).

A panoplia do soldado romano. A admiración dos escritores grecolatinos pola organización do exército romano manifestouse en numerosas ocasións e, en concreto, sobre a calidade da súa panoplia abundan as testemuñas nas obras de Polibio, Tácito, Flavio Xosefo ou Herodiano.

A panoplia típica do soldado incluía armas tanto ofensivas como defensivas. Entre as primeiras



CENTURIÓN. DEBUXO DE PETER CONNOLLY
(RÖMISCH-GERMANISCHES ZENTRALMUSEUM, MAINZ)

podemos citar armas de empuñadura, como a espada curta (*gladius*) ou longa (*spatha*) o puñal (*pugio*), e armas de hasta como o *pilum* ou as lanzas (*hasta*, *lancea*). Entre as segundas inclúense, por un lado, as armas pasivas como o casco (*cassis*), a coiraza (*lorica*) e as grebas (*ocreae*) e, por outro, as activas, en concreto o escudo (*scutum*). A pesar de que podemos falar dunha panoplia tipo entre as lexións e as tropas auxiliares de Roma, non existía un concepto de uniformidade semellante ao dos corpos militares actuais e, se analizamos polo miúdo as armas e o contexto onde foron atopadas, apreciamos unha notable variedade. Deste xeito, a uniformidade de equipamento en sentido romano significa que cada soldado levaba un casco, unha coiraza, unha daga, unha espada, un escudo e dúas lanzas, así como unha vestimenta básica consistente nunha túnica, un cinto, unha capa e unhas botas.

O casco e a súa función. A función principal consiste en protexer a cabeza do guerreiro dos golpes causados tanto polas armas de empuñadura e de hasta como polos proxectís utilizados polos seus adversarios. De todas as formas de protección pasiva o casco é, sen dúbida, a máis frecuente debido ás seguintes razóns: protexe unha parte vital do corpo, na cal unha ferida pequena incapacita o soldado para combater mentres que unha grave produciría a morte; por outra banda, en comparación coa coiraza, o casco é máis lixeiro, limita menos a

movilidade e a súa fabricación é menos custosa e, en último lugar, a cabeza debe de ter unha protección que lle permita visibilidade no momento do combate.

O casco deséñase pensando na súa función protectora e, ao mesmo tempo, como un símbolo de ostentación que define o status do soldado tanto ante poboacións amigas na vida civil, como ante os seus adversarios no combate. Para iso utilízase tanto a decoración a base de relevos de diferentes significados como o emprego de penachos. Estes adornos dispóñense tamén pensando en impresionar xa que fan aparecer o combatente como máis alto e robusto. En resumo, pódese dicir que o casco posúe un valor funcional, simbólico e psicolóxico.

O casco tipo Weisenau. Este modelo recibe o seu nome dun achado realizado nunha localidade alemana situada na ribeira do río Mainz e serviu a P. Couissin para definir unha serie de cascos que son herdeiros directos dos cascos célticos. Como materia preferente para a súa fabricación escolleuse o ferro, aínda que a investigación das últimas décadas constatou o emprego do bronce con máis frecuencia do que se pensaba. Este casco producíase nunha serie de obradoiros independentes, especializados na elaboración de equipamento militar. Polo xeral, admítase o seu emprego dende finais do reinado do emperador Augusto ata os tempos de Adriano. De todos os xeitos, a inscrición dun casco procedente de Niedermörter (Alemaña) fai que investigadores, como M. Feugère, leven o seu uso ata principios do século III.

O casco Weisenau presenta como características a fabricación do capacete e da protección da caluga nunha soa peza, a presenza de grandes protectores de meixelas (*bucculae*) como protección lateral, a representación de «cellas» estilizadas e unha banda metálica de reforzo na zona frontal. Así mesmo, a protección da caluga destaca polo seu amplo desenvolvemento respecto a modelos anteriores, a súa disposición oblicua, unha ornamentación baseada en acanaladuras e a posibilidade de levar unha asa para facilitar o seu transporte.

Lugar de conservación. A peza estudada forma parte dos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense nos cales figura rexistrada co número de inventario CE006310/16.

Observación final. Antes deste traballo, en varias ocasións publicouse que o portapenacho fora fabricado en ferro pero, tras un recente e minucioso tratamento de limpeza e restauración (agosto de 2020), comprobouse que o material empregado na elaboración da peza é bronce.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Tomás Vega Avelaira


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA